

FESTA DA HORTA DA LARACHA

A Horta da Laracha leva gastronomía, cultura e música ao campo da festa de Paiosaco

A iniciativa desenvolverase esta fin de semana con actividades para todos os públicos



Presentación do cartel da Horta da Laracha. // Cedita



Programa das festas da Horta da Laracha. // Cedita

B.C. [SANTIAGO]

A Laracha é un municipio de referencia en Galicia e España na produción hortícola, con profesionais e explotacións agrarias de alto nivel das que saen os produtos variados e de alta calidade.

Nos últimos anos desde o Concello celébrase cada verán un evento que se marca como propósitos prioritarios poñer en valor tanto o labor dos profesionais do sector como o dos propios produtos. A sétima edición vaixe celebrar na fin de semana do 3 e 4 de agosto no campo da feira de Paiosaco, e para darlle un impulso renovarase tanto a súa denominación como a oferta de actividades para todos os públicos.

A iniciativa Horta da Laracha foi presentada polo alcalde da localidade, José Manuel López Varela, a concelleira de Promoción Económica, Rocío López, e

os representantes da cooperativa Cidadanía, encargada da xestión da programación. O Concello porá as tradicionais casetas da feira a disposición das principais asociacións, explotacións agrarias e empresas que aportan valor aos produtos da horta local para realizar exposicións e venda durante ambas xornadas. As actividades comezarán ben cedo os dous días: o sábado haberá propostas desde as 10.30 horas e o domingo, a partir das 9.30 horas.

Durante os dous días, pola mañá e pola tarde, haberá numerosas propostas culturais, gastronómicas, formativas e de ocio para todos os públicos, tales como espectáculos teatrais de rúa, actuacións musicais, obradoiros de diversas temáticas, mostras, *showcooking* e degustacións gastronómicas.

José Manuel López Varela manifestou a súa “ilusión” por levar

A NOVA EDICIÓN CONTARÁ COA PARTICIPACIÓN DE BRAIS DAS HORTAS, BRAGADIERS, TRÍO DE TRES OU FANFARRIA TAQUIKARDIA

a cabo o programa, xa que este ano “vaixe enriquecer o que se viña facendo en edicións anteriores” para que a cita “sexa unha referencia galega na promoción e posta en valor dos moitos e moitos produtos de horta e derivados que temos na Laracha”.

Rocío López, pola súa banda, mostrouse convencida de que “a programación vai sorprendere aos asistentes pola cantidade e calidade das propostas” e animou a “asistir en familia, xa que

haberá actividades para os públicos adulto e infantil”.

Tamén destacou que Horta da Laracha “ten por fin prioritario a posta en valor do traballo dos profesionais e dos produtos”, polo que animou “a que cada persoa se interese pola orixe deles e aposte polos produtos de proximidade á hora de mercalos”.

A sétima edición de Horta da Laracha está organizada polo Concello co patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña. A feira estará amenizada coas actuacións de Brais das Hortas, Bragadiers, Trío Detrés ou Fanfarria Taquikardia. Os asistentes poderán gozar de distintas degustacións a base de produtos da horta, desde aperitivos saudables a licores derivados da pataca ou sidra e cervexa. O programa inclúe exhibicións gastronómicas que farán as delicias dos asistentes,

que poderán probar xeados de tomate ou sushi de xeado e aprender a elaborar bebidas aromatizadas, batidos con froitas ou verduras e ensaladas con gominolas de verduras e hortalizas, entre outras propostas. Non faltarán, tampouco, as actividades de divulgación relacionadas coa gastronomía e o sector agrario. Ao longo das dúas xornadas, especialistas debaterán sobre diferentes temas relacionados coa horta, desde as variedades autóctonas a estratexias para atraer polinizadores.

Os asistentes poderán participar tamén en talleres para a elaboración de biofertilizantes ou de trenzado de rafia. O alcalde larachés agarda que esta feira, que estivo precedida de eventos similares nos últimos anos, convértase en “unha referencia na posta en valor dos produtos da horta”.